

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO PARA A ELABORACIÓN DUN ESTUDO SOBRE AVALIACIÓN E ANÁLISE DO POTENCIAL DO CAMIÑO DE SANTIAGO-VÍA DA PRATA, PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE A ESCALA LOCAL.

En Santiago de Compostela, a 17 de xuño de 2019

REÚNENSE

Dunha parte, Corina Porro Martínez, Presidenta do Consello Económico e Social de Galicia (en adiante CES) actuando en nome e representación desta institución en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 16 d) da Lei 6/1995 do 28 de xuño pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia, con domicilio aos efectos deste convenio en Rúa Algalia de Abaixo nº 24, 15704, Santiago de Compostela.

Doutra parte, Don José Manuel Baltar Blanco, Presidente da Excm. Deputación Provincial de Ourense (en adiante DPO), actuando en nome e representación desta entidade local e en uso das atribucións que lle veñen conferidas polo acordo plenario de data 14.07.2015, de elección do seu Presidente, artigo 34.1.b da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local e actuando en uso das competencias atribuídas polos artigos 109 e seguintes da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia; e con domicilio aos efectos deste convenio no Pazo Provincial, emprazado na Rúa Progreso 32, 32003, Ourense.

Doutra parte, Antonio López Díaz, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), actuando en nome e representación desta institución en virtude do disposto polo artigo 82 dos Estatutos da dita Universidade, aprobados por Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, e con domicilio Colexio de San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, 15782, Santiago de Compostela.

As tres institucións comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos

EXPOÑEN:

I. O CES créase como ente consultivo da Xunta de Galicia en materia socio-económica en aplicación do previsto no artigo 9.2º da Constitución española e nos artigos 4.2º e 55.4º do Estatuto de autonomía de Galicia, co obxecto de facilita a participación de tódolos galegos na vida política, económica, social e cultural.

Por outra parte, o CES responde tamén á aspiración dos axentes económicos e sociais de que as súas opinións e propostas se atendan, no proceso de adopción de decisións pola Xunta de Galicia, e á pretensión desta de canalizar a participación social para tales efectos.

A súa función consultiva exercerase nunha triple vertente: Con carácter preceptivo, en relación coa actividade normativa da Xunta de Galicia en materias de especial transcendencia económico-social. Con carácter facultativo, por instancia do Goberno galego ou dos seus membros. Ademais, por propia iniciativa, a través de estudos e informes ou propostas de reformas normativas.

II. Que de conformidade co disposto no artigo 118 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, son competencias propias das Deputacións Provinciais o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos, e en especial calquera actividade cuxa finalidade sexa o fomento no eido da cultura.

Na mesma liña a Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, atribúe competencias para a cooperación e o fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, a cal permiten á provincia, a través dos seus órganos de goberno e

administración, promover e executar unha ampla gama de accións públicas, incluída a de cooperación e asistencia aos concellos.

III. Que a Universidade de Santiago de Compostela, de acordo cos seus Estatutos é unha institución pública dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, constituída polos campus de Santiago de Compostela e Lugo, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento, actividades para as que goza de plena autonomía.

IV. Que o CES e mais concretamente a súa Comisión Permanente, na reunión celebrada o 5 de febreiro do presente ano, dentro do seu programa de actividades, decidiu realizar un estudo de avaliación do potencial do Camiño de Santiago-Vía da Prata para o desenvolvemento local dos núcleos polos que discorre en Galicia.

O interés que para o CES ten este estudo deriva do Protocolo asinado cos Consellos Económicos e Sociais que comparten fronteira con Portugal (CES de Andalucía, Extremadura, Castela e León e Galicia) e por cuíos territorios discorre tamén a “Vía da Prata”. Os territorios aos que representan estes organismos constitúen xunto co país veciño un espazo estratéxico de forte interrelación social, económica e cultural, capaz de xerar un gran potencial de desenvolvemento.

Engadidamente, dentro das actividades de cooperación que posibilita este Protocolo se comprende a realización de estudos e informes sobre temas que permitan un coñecemento mútuo da realidade económica e social dos territorios asinantes.

V. O CES de Galicia é coñecedor que na Universidade de Santiago de Compostela e, en particular, o Grupo de Investigación GAME (Grupo de Análise e Modelización Económica) do IDEGA, existe unha liña de investigación sobre os impactos socioeconómicos dos diferentes Camiños de Santiago.

VI. O CES é consciente ademáis do interés que para a Deputación de Ourense pode ter esta iniciativa dado que se trata da coñecida como “Vía da Prata” que transcorre, entre outros, por distintos municipios desta provincia.

Con base en ambas as consideracións o CES propúxose tomar esta iniciativa.

VII. Deste modo as administracións asinantes do presente Convenio consideran necesario establecer unhas liñas de colaboración conxunta, dende as súas diferentes responsabilidades, para promover un estudo de avaliación do potencial do Camiño de Santiago-Vía da Prata para o desenvolvemento local dos núcleos polos que transcorre, maioritariamente na provincia de Ourense.

Preténdese deste xeito ofrecer información a todos os axentes implicados para facilitar la toma de decisións que permitan una mellor ordenación e dinamización respecto a este eixo vertebrador que é o Camiño ao seu paso por Galicia.

O Camiño, moito mais aló da súa primitiva expresión relixiosa, é hoxe un fenómeno que repercute no ámbito social e económico das zonas polas que transcorre, pois son moitos os núcleos rurais o longo do Camiño que obteñen importantes beneficios directos e indirectos vinculados o paso dos peregrinos. O Camiño é na actualidade unha fonte de recursos con capacidade para reanimar o tecido empresarial destes concellos co engadido de que en moitos casos estamos ante zoas rurais onde a posibilidade de atopar outras fontes substitutivas de riqueza e benestar non existe.

E é que o Camiño, no caso da Vía da Prata ao seu paso por Galicia, é maioritariamente rural, cun 85,7% dos concellos definidos como rurais de baixa poboación. De feito, con 52.434 persoas residindo na zona é o itinerario en Galicia con maior poboación rural ata o punto de que supón o 28% da poboación rural dos diferentes itinerarios.

VIII. As partes comparecentes, en cumprimento do sinalado no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, e o artigo 12.4 da Directiva 2014/24/UE do Parlamento e do Consello do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública e pola que se derroga a Directiva 2004/18/ CE, consideran necesario e oportuno impulsar as accións previstas neste convenio, co obxecto de desenvolver unha cooperación tendente a garantir que os servizos e/ou finalidades que lles incumben se presten de xeito que se consigan os obxectivos que teñen en común, cooperación que se guía unicamente por consideracións relacionadas polo interese público e que non favorece a ningún prestador de servizos privados respecto dos seus competidores, e non tendo en ningún caso carácter contractual.

Na súa virtude, as partes comparecentes acordan a posta en común de medios personais e materiais para a realización das actividades que se describirán, e consonte ás seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a o CES a DPO e a USC en orden á realización dun estudo de avaliación do potencial do Camiño de Santiago-Vía da Prata para o desenvolvemento local dos núcleos polos que transcorre en Galicia.

SEGUNDA. ORZAMENTO E VALORACIÓN ECONÓMICA DA CONTRIBUCIÓN DAS PARTES ASINANTES DO CONVENIO

O coste total do convenio ascende á cantidade de TRINTA MIL EUROS (30.000 euros), desglosados do seguinte modo:

GASTOS	IMPORTE
Custos do Investigador principal e investigador docente	7.000€
Contratación de persoal	13.000€

Material funxible e desprazamentos	5.862,07€
Custos indirectos	4.137,93€
TOTAL	30.000€

O CES comprométese a colaborar nas actuacións propias do presente convenio cunha achega económica por importe de SEIS MIL EUROS (6.000 euros), con cargo á aplicación orzamentaria 06.B1.611A.640 correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

Asemesmo a DPO comprométese a colaborar nas actuacións propias do presente convenio cunha achega económica por importe de DAZASETE MIL EUROS (17.000 euros).

A aportación que realiza a USC para contribuír ao presente convenio é de SETE MIL EUROS (7.000 euros)

En definitiva, tendo en conta que tanto o CES como a DPO, por ser entidades públicas, carecen de ánimo de lucro na realización das actuacións obxecto do convenio, a contribución económica tanto a do CES como a da DPO, anteriormente referida, corresponde a unha compensación parcial polos gastos que terá que soportar a USC no desenvolvemento do obxecto do convenio, no xeito anteriormente especificado e que se sinala tamén na memoria xustificativa que forma parte integrante do expediente administrativo tramitado.

Ditas achegas, tanto a do CES como a da DPO serán aboadas logo da entrega por parte da USC da memoria e estudo final. A memoria recollerá ademais todas as actividades realizadas, así como un certificado no que constará o importe total gastado nas actividades obxecto do presente convenio.

As ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio sen que ningunha das partes asinantes poida destinala a obxecto distinto.

TERCEIRA. OBRIGAS QUE ASUMEN AS PARTES ASINANTES

As partes asinantes asumen as seguinte obrigas:

1.- A USC comprométese a poñer a disposición das partes as dependencias e demais infraestrutura universitaria que sexan necesarias para a realización da actividade investigadora obxecto deste convenio.

2.- Tanto o CES como a DPO colaborarán co equipo investigador da USC mediante a participación dos seus respectivos equipos técnicos en tarefas de subministración e análise de datos, deseño de indicadores, traballos de enquisa, e cantos outros traballos técnicos complementarios sexan necesarios para levar bo termo o obxecto do estudo.

3.- As partes asemesmo comprométense a compartir a organización de todos aqueles eventos ou actividades que se realicen en paralelo á elaboración do estudo. Así, entre outras, poderanse celebrar reunións con expertos, con grupos técnicos de traballo e seminarios, xornadas de estudo e cantos eventos sexan precisos para a consecución do obxecto do convenio.

Tanto o CES como a DPO comprométense a ceder os locais que dean cabida á organización dos referidos eventos.

4.- A USC comprométese a entregarlle ao CES e a DPO a memoria final á que fai referencia a cláusula segunda do presente convenio.

5.- As partes comprométense a realizar a aportación que a cada unha lle corresponde para financiar a realización do estudo.

6.- Asemesmo comprométense a difundir nos seus respectivos ámbitos e entre os destinatarios finais do estudo os resultados deste, que será obxecto dun acto de presentación pública.

CUARTA. CONTROL E SEGUIMIENTO

Para o seguimento e control do cumprimento deste convenio, e para a solución das dúbidas que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión integrada por tres persoas representantes de cada unha das institucións asinantes. Serán funcións da devandita Comisión a coordinación e seguimento das obrigas das partes no presente convenio e a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan proporse con respecto daquel. A Comisión reunirase cando sexa necesario para o desenvolvemento das actuacións reflectidas no convenio.

QUINTA. EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADE

A subscrición deste convenio non xerará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian a realizar o informe obxecto deste acordo e a DPO e o CES, de xeito que non se lle poderá esixir á estes ningunha responsabilidade nin directa nin indirecta nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

A participación dos investigadores da USC nas actividades mencionadas no presente convenio efectuarase no marco da Lei orgánica da Universidades 6/2001 e conforme á regulamentación vixente propia da dita Universidade e recollida nos seus Estatutos, así como de acordo coa normativa vixente en materia de incompatibilidades de persoal ao servizo das Administracións Públicas.

SEXTA. PUBLICIDADE DA COLABORACIÓN DAS PARTES

O resultado do estudo será obxecto dun acto de presentación pública en lugar e localidade a convenir polas partes.

SÉTIMA. INSCRICIÓN DO CONVENIO

As partes asinantes están informadas de que o convenio, unha vez asinado, debe inscribirse no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia,

previsto no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

OITAVA. INCUMPRIMENTOS

Os eventuais incumprimentos das partes respecto das súas obrigas fixadas neste convenio serán tratados e resoltos, de ser posible, na comisión de seguimento prevista na cláusula quinta.

NOVENA.- MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

O convenio poderá extinguirse, durante a súa vixencia, por algunha das seguintes causas:

- a) O acordo unánime dos asinantes.
- b) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- c) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- d) Pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

As posibles modificacións deste convenio, acordadas de forma unánime polos asinantes, deberán formalizarse mediante a subscripción do correspondente instrumento modificativo, cos mesmos requisitos e condicións esixidos para a aprobación do inicial.

DÉCIMA. NATUREZA E XURISDICIÓN.

O presente Convenio ten natureza administrativa, quedando suxeito ás estipulacións contidas nel. Tramítase en cumprimento do disposto na Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público. Para resolver as dúbidas e incidencias que puideran xurdir na aplicación e execución do presente convenio será de aplicación directa a citada Lei 40/2015, sendo de aplicación supletoria os principios inspiradores da Lei 9/2017, de contratos do sector público.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para coñecer de todas aquelas cuestión litixiosas que poidan xurdir do mesmo.

DÉCIMO SEGUNDA. VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e extenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2019.


En proba de conformidade, as partes asinan este convenio por triplicado exemplar no lugar e data no encabezamento indicados



POLO CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL,



POLA DEPUTACIÓN DE OURENSE,



POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO,



(por delegación, Resolución Rectoral de
20/06/2018 DOG de 29/06/2018
O VICERREITOR DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN



Asdo.: Vicente Pérez Muñizuri